



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:06:21

SAIDA

10394/19

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 083/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

### **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] Creo en representación da [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 27 de Maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia en sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] Creo en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de Maio de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 26 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se lle concede acceso parcial aos expedientes de axudas concedidos ao amparo da Resolución do 12 de febreiro de 2019, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN315A), publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 40 de 26 de febreiro de 2019.

A entidade reclamante indica no seu escrito de reclamación que inicialmente solicitou primeiro copia de 5 dos expedientes de axudas públicas e, ante un oficio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas na que se lle solicitou abono de taxas, reformulouse a solicitude pedindo acceso físico aos expedientes e non copia dos expedientes electrónicos.

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas deu traslado da solicitude de acceso aos expedientes á Cámara Oficial Mineira e á Asociación Galega de Áridos (entidades perceptoras das axudas públicas), opoñéndose ambas ao acceso aos expedientes, polo que a DX Enerxía e Minas concede acceso parcial a parte dos expedientes, en base ás limitacións establecidas no artigo 14 i) e j) da Lei 19/2013.

A resolución, de acordo co disposto no artigo 22.2 da citada Lei concede o acceso cando transcorra o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizara ou se resolvera confirmando o dereito a recibir a información e a entidade reclamante considera que excluír partes significativas dos expedientes do acceso, e dilatar o acceso constitúen vulneración dos seus dereitos de acceso á información pública.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, a resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e o CIF da entidade reclamante.

Con data do 29 de maio de 2019 requiriuse á Asociación que acreditase a representación de D<sup>a</sup> Iolanda Mato Creo para interpor a reclamación en nome [REDACTED], representación que quedou acreditada mediante a remisión de certificado do secretario da asociación, copia dos estatutos e copia do DNI da representante.

**Segundo.** Con data 29 de Maio de 2019, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que remite informe do 20/5/2019, do Director Xeral de Enerxía e Minas ao que acompaña dous escritos de alegacións presentados pola Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) e copia do expediente completo de acceso á información pública.

**Terceiro.** Con data do 10 de xuño de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 14 de xuño de 2019.

**Cuarto.** Con data 5 de xullo de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a Asociación solicitou copia en formato dixital dos expedientes de axudas ao fomento do sector mineiro galego do ano 2018 nº 1N315A-2018-13, 1N315A-2018-15, 1N315A-2018-16 1N315A-2018-29 e 1N315A-2018-06.

Os catro primeiros expedientes corresponden a subvencións concedidas á Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), e o último deles a unha subvención concedida á Asociación Galega de Áridos (ARIGAL).

Con data 13/03/2019 requiriuse ao solicitante para que acreditara o pagamento das taxas correspondentes. O requirimento recibíuno o 21/03/2019 e o día 22/03/2019 o solicitante presentou a modificación da súa solicitude inicial de "copia en formato dixital" dos expedientes de referencia, substituíndo esta por "acceso presencial" aos mesmos.

O día 15/03/2019 remíteselle unha notificación aos terceiros afectados (COMG e ARIGAL) concedéndolle un prazo de 15 días para efectuar as alegacións que considere oportunas, con suspensión do prazo de tramitación ata que se reciban as alegacións, ou ata que transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

A COMG, e ARIGAL mediante escritos do 03/04/2019 presentaron alegacións nas que se opoñen expresamente a que sexa concedido o acceso á documentación solicitada por diversos motivos, que son analizados na resolución de acceso á información. Ademais solicitan a vista dos catro expedientes das subvencións que lle foran concedidas a fin de coñecer toda a documentación que conteñen e presentar novas alegacións, solicitando a paralización do prazo ata a presentación desas segundas alegacións.

Despois da vista dos expedientes, o director xeral de Enerxía e Minas ditou a resolución do procedemento de acceso á información o día 26/04/2019, pola que, logo da disociación dos datos de carácter persoal se permite o acceso parcial á Asociación solicitante, do que quedarán excluídos os documentos ou parte dos mesmos que se indican no anexo á resolución, por conter información suxeita ás limitacións incluídas no artigo 14 i) e j) da LTAIBG, consonte ao exposto nas consideración legais e técnicas desta resolución. Así mesmo se establece que resulta aplicable o artigo 22.2 da LTAIBG, respecto da formalización do acceso.

En canto ás alegacións realizadas pola Asociación, informa o seguinte:

- 1) Sobre o acceso parcial: Concedéuselle acceso aos expedientes solicitados, excepto a determinados documentos que se relacionan no anexo da resolución, debido á oposición de COMG e ARIGAL, con alegacións contundentes, cualifican a información de reservada. A pesar da oposición total dos terceiros, non se ditou unha resolución denegatoria de acceso á información, senón que na resolución se ponderaron e xustificaron os intereses en conflito, así como a decisión que se adoptou.
- 2) Sobre a dilación do acceso: A Administración non dilatou o acceso, senón que aplica o disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013.
- 3) Esixencia de pagamento de taxas: trátase dunha obriga legal, ao abeiro do disposto no artigo 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, que dispón que o acceso á información pública será gratuíta,

non obstante a expedición de copias ou a transposición da información nun formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á existencia de exaccións. Neste senso, o artigo 24 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece que a taxa devengarase no momento no que se presente a solicitude para a prestación de servizos administrativos. Con data do 13/03/2019, requiríuselle para acreditar o pagamento das taxas correspondentes (para este formato: ata 1 GB 5,18 €)

**Quinto.** Con data do 10 de xullo de 2019, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria remite oficio con dous informes do Dirección Xeral de Enerxía e Minas do 20 de maio de 2019, referidos a tramitación das alegacións de ARIGAL e COMG, nos que se conclúe que non existiu situación de indefensión das dúas entidades dado que se cumpriron os prazos legalmente establecidos para a tramitación, resolución e notificación dos expediente de acceso á información pública.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado lle foi remitida por terceira vez (xa que foi notificada electronicamente o 26 de abril pero por problemas técnicos non puido ter acceso e se lle notificou os días 9 e 24 de maio por vía postal) e posteriormente o 26 de maio se lle remitiu nova notificación postal recibida o 30 de maio de 2019, e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 27 de maio de 2019, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

[REDACTED] impugna resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, por considerar que se vulneraron os seus dereitos de acceso á información pública, por excluír do acceso partes significativas dos expedientes administrativos, dilatar o acceso ante a espera dun hipotético recurso contencioso-administrativo e forzar á Asociación ao pago de taxas antes de que se resolvese sobre o fondo da cuestión.

Respecto da exclusión na resolución recorrida de parte da información, débese ter en conta que a normativa en materia de transparencia, establece unha serie de límites no acceso á información, polos motivos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, este último en relación coa protección de datos de carácter persoal.

A sentenza do Tribunal Supremo nº 1547/2017, consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo estes límites e excepcións legais e resolve que no referente á limitación do acceso á información prevista no artigo 14.1.h), (cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais), as limitacións contempladas no dito artigo, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 cando dispón que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou

privado superior que xustifique o acceso, por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración.

A aplicación dos límites contemplados na normativa vixente en materia de transparencia debe ser acorde co Criterio Interpretativo CI/002/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no que se establece que os límites aos que se refire o artigo 14 da Lei, a diferenza dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non operan automaticamente nin a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos. A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, polo que deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliable. E do mesmo xeito, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

Nesta materia, existen numerosos pronunciamentos respecto á aplicación dos límites, entre so que podemos destacar a sentenza n° 98/2018, do 22 de xuño de 2018, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo n° 11 de Madrid, establece que a Lei consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entregala, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refire o art. 14, causas que constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia han de ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito.

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas na resolución impugnada, ten en conta as alegacións dos terceiros afectados e leva a cabo unha análise da aplicabilidade dos límites co fin de ponderar todos os intereses e dereitos en conflito. Constatan que nos expedientes se inclúen documentos que conteñen información de carácter económico e comercial, que podería estar relacionada con deberes de segredo profesional, tanto das propias entidades sen ánimo de lucro destinatarias das subvencións como das empresas que lles proveen de bens e servizos, sen que a protección dos intereses económicos e comerciais non podan ser obxecto de acceso, polo único feito de que se atopan en poder da Administración.

A Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Segredos Empresariais define segredo empresarial calquera información ou coñecemento, incluído o tecnolóxico, científico, industrial, comercial, organizativo ou financeiro, que sexa secreto, no sentido de que, no seu conxunto ou na configuración e reunión precisas dos seus compoñentes, non sexa xeralmente coñecido polas persoas pertencentes aos círculos en que normalmente se utilice o tipo de información ou coñecemento en cuestión, nin facilmente accesible para elas, que teña un valor empresarial, xa sexa real ou potencial, precisamente por ser secreto, e que sexa obxecto de medidas razoables por parte do seu titular para mantelo en segredo. De acordo co anterior, a resolución impugnada exclúe do acceso os documentos ou a parte deles que conteñen datos

de propostas comerciais, información sobre provedores, estratexia organizativa ou comercial das entidades subvencionadas ou das empresas provedores, cuxa difusión sería susceptible de xerar un prexuízo no ámbito da competitividade ás citadas entidades e empresas, así como os datos tributarios, bancarios e financeiros, e datos os identificativos do persoal traballador, protexidos polas normativas tributarias e de protección de datos persoais.

Considérase que as ditas exclusións, non supoñen un menoscabo no control da actividade pública que establece a normativa vixente en materia de transparencia, sen que pola Asociación reclamante se alegase motivo algún que desvirtúe a aplicación dos límites do segredo comercial ou industrial que non xustifique que a dita información non deban estar protexida polo segredo comercial e industrial, mais ala de manifestar a súa desconformidade coa exclusión dos ditos datos.

Respecto a consideración de que se vulneran os seus dereitos de acceso á información a existencia de xustificación de abono de taxas, o artigo 24.2.d) da Lei 1/2016, establece que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública garantiráselle á cidadanía o coñecemento das taxas e dos prezos que, de ser o caso, sexan exhibibles para a obtención de copias ou para a transposición da información a formatos diferentes do orixinal, establecendo a disposición adicional cuarta da mesma Lei que o acceso á información será gratuíto, pero a obtención de copias ou a transposición a formatos diferentes do orixinal poden estar suxeitas ao pagamento das taxas establecidas na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Como se establece no informe, o artigo 24 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a taxa devengarase no momento no que se presente a solicitude, neste caso para a prestación de servizos administrativos, por importe de 5,18 € para un formato de ata 1 GB. De acordo co anterior, non pode considerarse lesivo do dereito de acceso á información o requirimento de pago dunha taxa para a obtención de copias en formato dixital dos expedientes solicitados, ao estar amparado pola normativa de transparencia en relación coa normativa de taxas.

Respecto da demora no acceso á información ata o momento no que transcorra o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalice ou se resolva confirmando o dereito a recibir a información, non pode considerarse lesivo do dereito de acceso á información, por canto é unha cautela que a Lei 19/2013, establece no seu artigo 22.2 para os casos, como no presente, nos que exista na tramitación do expediente, oposición de terceiros titulares da información solicitada, e que ten como finalidade que o lapso de tempo que transcorre ata que recaia un pronunciamento xudicial firme, supoña a perda da finalidade do proceso, asegurando a efecacia na execución da sentenza que se poida ditar, sen que se poida considerar unha dilación inxustificada que vulnere os dereitos de acceso á información pública.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### ACORDA

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 26 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se lle concede acceso parcial aos expedientes de axudas concedidos ao amparo da Resolución do 12 de febreiro de 2019, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN315A).

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**